



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

OBRADOIRO DE EMPREGO "ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO"
CONCELLOS DE: IRIXOA, ARANGA, MONFERO e VILARMAIOR

**ANUNCIO MODIFICACION BASES E AMPLIACIÓN DE PRAZO DE PRESENTACIÓN DE
SOLICITUDES DE MESTRE ESPECIALIDADE RAMA SANITARIA**

A Xunta de Goberno local do Concello de Monfero, na sesión celebrada o 26 de outubro de 2022, a proposta da Alcaldía tendo en conta o indicado polo órgano de selección do persoal directivo, docente e administrativo do obradoiro dual de emprego, ATENCION SOCIO SANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO, e logo de ver que o único candidato que se presentou para o posto de Mestre de Especialidade (Rama sanitaria), dentro do segundo prazo aberto, quedou excluído do proceso dado que non reunía a totalidade dos requisitos indicados nas bases de selección e dada a urxencia en rematar o proceso para seleccionar a todo o persoal directivo, docente e administrativo para dar comezo ao Obradoiro e vistos os requisitos indicados para o posto de MESTRE DE ESPECIALIDADE nas bases de selección aprobadas e tendo en conta a dificultade de atopar candidatos para cubrir o citado posto, acordou:

1.- Modificar o requisito específico de Permiso de conducir B, esixido para a praza de MESTRE DE ESPECIALIDADE, que se indica nas BASES PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO", e polo tanto modificar as ditas bases, que quedan redactadas neste aspecto do seguinte xeito:

- Requisitos específicos

- Outros requisitos: Permiso de conducir B ou compromiso de dispoñer dun medio para realizar o transporte entre os distintos lugares nos que se impartirán os módulos do Obradoiro de emprego e para supervisar as prácticas nos domicilios.

2.- Reabrir, novamente, o prazo para a presentación de solicitudes para o posto de Mestre de Especialidade (Rama sanitaria), por un período de 2 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio informando deste acordo no taboleiro de anuncios electrónico municipal e no dos Concellos conveniados.

Dando cumprimento ao citado acordo da Xunta de Goberno Local, procédese á publicación do mesmo para xeral coñecemento.

Monfero, 28 de outubro de 2022
O Alcalde

Andrés Feal Varela